



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-Cosendo co teu pai

01-Crea

PASO A PASO DA MONTAXE




1. Prepara todos os materiais. Podes empregar a cortadora láser ou cortar cun coitelo de precisión utilizando o modelo en cartolina.



2. Colle as dúas pezas do portapilas.



3. Abre o broche de presión e introdúceo polo burato.



4. Agora asegura con fío normal o broche coséndoo polos tres buratos que observas na imaxe.



5. Lembra sempre este dito popular: **"Costureira sen dedal cose pouco e cose mal"**.



6. Collemos fío condutivo e facemos un cosido desde o burato que quedaba libre ata o centro da peza.



7. No medio da peza facemos un cosido grosso con varias puntadas superpostas.



8. Collemos outro broche de presión e facemos a mesma costura que antes deixando un burato baleiro.



9. Na outra peza (perforada) colocamos o broche rectangular pasándoo polos buratos.



10. Cosemos con fío condutivo e asegurámolo ben con bastantes puntadas deixando un anaco de fío para seguir cosendo.



11. Preparamos as dúas pezas.



12. Xuntámolas e cosemos co fío condutivo solto ata chegar ao broche de presión.



13. Agora é momento de coser todo o bordo do portapilas. Podes practicar e facer un festón.



14. Velaquí tes o portapilas listo.



15. Lembra deixar un oco aberto para poder cambiar a pila.



16. Esta é a parte pola que farás a conexión do portapilas. Podes identificar os polos cosendo un símbolo (+ ou -) en cada lado.